

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES PROVISIONAIS DE ESTUDANTADO SELECCIONADOS DA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN NUN CURSO INTENSIVO COMBINADO (BIP) NO MARCO DA ACCIÓN DE MOBILIDADES DE CURTA DURACIÓN DO PROGRAMA ERASMUS

O 13 de decembro de 2022 publicouse a resolución reitoral pola que se establecían as bases reguladoras e se aprobaba a convocatoria de axudas Erasmus, na modalidade de estadias curtas, para participar no curso intensivo combinado ou BIP (*Blended Intensive Course*), titulado *Intercultural Competencies for Global Citizenship and UN Sustainable Development Goals*. A mobilidade presencial deste curso realizarase do 6 ao 10 de marzo de 2023 no Instituto Superior de Ciéncias Empresariais e Turismo (ISCET), do Instituto Politécnico do Porto.

O 3 de febreiro de 2023 publicouse a resolución coas listaxes definitivas de solicitudes admitidas e excluídas.

Efectuada a selección, esta reitoría

RESOLVE

1. Publicar a listaxe provisional de estudantado seleccionado no [anexo I](#).

As persoas interesadas poderán formular alegacións contra esta resolución no prazo de **cinco días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución**, achegando, se é o caso, a documentación necesaria ou emendando a falta, mediante [SXER-Instancia Xenérica](#) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>).

Transcorrido o prazo de alegacións, procederase á publicación da resolución definitiva de estudantado seleccionado.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño



ANEXO I
CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN NUN CURSO
INTENSIVO COMBINADO (BIP) NO MARCO DA ACCIÓN DE MOBILIDADES DE CURTA
DURACIÓN DO PROGRAMA ERASMUS

LISTAXE PROVISIONAL DE ESTUDANDADO SELECCIONADO

Nome	Apelidos	Axuda individual máx	Viaxe ecolóxica (50 €) + 2 días adicionais (140 €). Importe máximo a xustificar
Pilar Aurora	Araújo Araújo	450 €	190 €
Luis Miguel	Bouzo Álvarez	450 €	190 €
Iria	Cebreiros Trigo	450 €	190 €
Edgar	Curras Fernández	350 €	190 €
Jose	Gómez Lombardia	350 €	190 €
Alba	Méndez Brea	350 €	190 €
Sandra	Mos Caamaño	450 €	190 €
Lua Sophia	Penín Fernández	350 €	190 €
Sara	Rial González	450 €	190 €
Jorge da	Rosa López	450 €	190 €
Marta Alexandra	Soares Pires	450 €	190 €
Celia Rosa	Ventoso Chaves	450 €	190 €